



CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE VISITAS A EMPRESAS: VISITAS AO CENTRO DE PRODUCCIÓN CITROËN AUTOMÓBILES ESPAÑA S.A

OBXECTIVO

Esta convocatoria ten por obxecto o fomentar, motivar e sensibilizar ao alumnado de diferentes niveis educativos no espírito emprendedor a través do coñecemento da realidade das empresa **Centro de Producción Citroën Automóviles España S.A** nas súas instalacións. Estas actuacións enmárcanse no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo [Eduemprende](#) no programa de Visitas a empresas.

DESCRIBIÓN DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos de 4º de ESO e ciclos de FP Básica, que terán a ocasión de coñecer o funcionamento dunha fábrica de automóbiles e os diferentes oficios/profesións que conviven nunha empresa destas características. Ademais terán a posibilidade de coñecer en primeira persoa as experiencias profesionais de moitos dos seus traballadores/as.

SOLICITUDE

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico eduemprende@edu.xunta.es. O prazo de solicitude remata o **30 de outubro de 2015**

Na solicitude debe figurar obrigatoriamente os seguintes datos:

1. Denominación do centro
2. Persoa de contacto
3. Teléfono de contacto
4. Curso
5. Número de alumnos e alumnas
6. Data de preferencia
7. Enderezo electrónico de contacto.

SELECCIÓN DOS CENTROS

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo eduemprende@edu.xunta.es, tendo en conta que se asignará unha visita por nivel. No caso de que queden prazas vacantes poderase adxudicar máis dunha visita. O número máximo de alumnos/as por visita é de 50.

**CALENDARIO E HORARIO:**

As visitas ao Centro de Produción de Vigo de Peugeot Citroën Automóbiles España S.A (Vigo) realizaranse o segundo e cuarto xoves de cada mes.

Data de inicio do programa: 12 de Novembro de 2015.

O horario de visita será de 09.45 horas a 13.00 horas.

2015	2016
	Xaneiro: 14, 28
	Febreiro: 11, 25
Novembro: 12, 26	Marzo: 10, 24
Decembro: 10	Abril: 14,28
	Maio: 12,26
	Xuño: 9

PROGRAMA	
09.45h	Recepción dos alumnos/as na Portería Principal do Centro
10.00h-11.00h	<p>Presentación do Centro de Vigo e do Sistema de fabricación – 30' Presentación sobre a historia da fábrica, a súa situación actual así como un vídeo sobre a fabricación dun automóbil.</p> <p>A presenza das mulleres na nosa empresa: un valor en alza – 10' Exposición dos resultados froito das políticas sociais de integración de mulleres no equipo da Empresa.</p> <p>Unha posibilidade laboral: a diversidade de profesións nunha fábrica de automóviles. – 10' En colaboración cunha das nosas traballadoras comentarse a diversidade de oficios e profesións que hai nunha empresa de automoción.</p>
<i>Dispoñerase de 10' para organizar os grupos e poñer os medios de protección individual</i>	
Visita á fábrica: Formaranse dous grupos de 25 alumno/as que irán acompañados, cada un ,por unha persoa de PSA encargada de realizar a visita e un profesor. Recoméndase que as mulleres non leven zapatos de tacón, para maior comodidade a hora de levar as proteccións dos pes.	

GRUPOS PARA A VISITA	
Grupo 1: 25 alumnos/as + 1 profesor/a	
11.00h -12.00h	Visita a Escola de Formación do Centro de Vigo: A fabricación dun automóbil. ¿Cómo é o esqueleto dun vehículo?.
12.00h – 13.00h	Visita aos talleres de Produción ,Embutición, Ferraxe e Montaxe.
Grupo 2: 25 alumnos/as + 1 profesor/a	
11.00h – 12.00h	Visita aos talleres de Produción ,Embutición, Ferraxe e Montaxe
12.00h – 13.00h	Visita a Escola de Formación do Centro de Vigo: A fabricación dun automóbil. ¿Cómo é o esqueleto dun vehículo?